

Acta da Comisión Delegada

Luns, 22 maio de 2023

Lugar: Reunión por medios telemáticos

Hora: 20:30 horas

Orde do día:

- 1.- Modificacións Regulamentarias
- 2.- Modificación de calendarios
- 3.- Rogos e Preguntas

Asistentes:

Presidente- Javier Campos Peña

Secretaria Xeral- Mónica Flores Ferreiro

Paloma Herbello (Triatlón Santiago)

Gustavo Álvarez (AD Fogar)

Amando Guerrero (AD Náutico de Narón)

Patricio Farias Forneiro

Pablo Cabanelas Eiras

Desenvolvemento da sesión e Acordos Adoptados

Comeza a sesión ás 20:35 h.

1.- Modificacións Regulamentarias

- O presidente expón a situación na que nos atopamos con só dúas probas que forman parte do Circuito de Triatlón e procedendo polo tanto, de acordo ao artigo 4.1a) do Regulamento oficial de competicións Fegatri, tomar unha decisión por parte da Comisión Delegada da distribución de prazas para o Campionato Galego de Triatlón a celebrar o 26 de agosto en Ferrol.

Apróbase a seguinte distribución de prazas para Campionato Galego de Triatlón Sprint 2023-Ferrol seguindo a liña do último ano tómase o acordo recollido na seguinte ligazón.

Ver distribución de prazas

- Proposta Nada e Corre XOGADE

O Presidente informa resume o proxecto no que se está traballando para presentar á Secretaría Xeral para o Deporte, de cara á inclusión do Nada e Corre como programa escolar XOGADE. Acórdase promovelos e se a SXD o aproba presentalos á Asemblea de Calendarios e Normativas de finais de tempada para incluílos xa no ano 2023, dentro do programa escolar (2023/24) e ver a necesidade de facer probas federadas ou só o campionato galego.



2.- Modificación de Calendarios

Apróbanse as seguintes modificacións no calendario oficial

- Engadir a proba- Copa Deputación Ourense de Acuatlón- 30 setembro
- Cancelación da proba- CG Swim Run prevista para o 18/6/2023 debido á concesión de permisos do Porto comunicada polo organizador

3.- Rogos e preguntas.- Non habendo rogos e preguntas a maiores levántase a sesión ás 20:45 h.


 Asdo.- A Secretaría Xeral
 Mónica Flores Ferreiro

FEGATRI
 VºBº
 FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLÓN
 E PENTATLÓN
 Asdo.- O presidente
 Rúa Castela 2
 27001 Lugo | 982 251 345
 N.I.F.: V36703932

